

### ACTIVIDADES

- Exposición "Arte e natureza" na Plataforma14 (Fórum Metropolitano)
- Ciclo de charlas "Torre da saudade". Biblioteca Municipal de Estudos Locais
- Feira de Formación Profesional Dual, en Afundación. Cámara de Comercio da Coruña
- (S8) X Mostra de Cinema Periférico
- Axenda de concertos na Coruña

### BOLSAS

- Axudas para o alumnado que realiza a FCT e FP Dual. Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

### CURSOS

- Cursos de iniciación ao golf: xullo-agosto 2019. Servizo Municipal de Deportes
- Curso de monitor/a de tempo libre. Escola Galega de Tempo Libre

### VARIOS

- Acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao superior. Curso 2019-2020. Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
- Acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao medio. Curso 2019-2020. Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
- Oferta de ciclos formativos de artes plásticas e deseño, grao medio e superior, en Galicia. Curso 2019-2020. Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
- Estadías e servizos nas residencias de tempo libre 2019. Consellería de Política Social

## ACTIVIDADES

### Exposición "Arte e natureza" na Plataforma14

A sala Plataforma14 do Fórum Metropolitano acolle a mostra colectiva que cada ano pecha o curso académico da Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso e na que se expoñen as obras realizadas polo alumnado das distintas especialidades artísticas desta Escola.

Na exposición titulada "Arte e natureza" pódense ver ata o 21 de xuño unha escolma de traballos entorno a un tema recorrente na historia da arte, como é a relación dialéctica entre o ser humano e a natureza e o reflexo nesta da súa propia identidade.

A sala Plataforma14, pertencente á Concellaría de Participación e Innovación Democrática e coordinada polo Centro Municipal de Información Xuvenil, pretende visibilizar a creación realizada polos/as artistas emerxentes da nosa cidade.

**CANDO:** do 24/05/2019 ao 21/06/2019

**HORARIO:** de luns a venres de 9 a 21 h. e sábados de 9 a 14 e de 17 a 21 h.

**LUGAR:** *Sala de Exposicións Plataforma14* (Fórum Metropolitano)

**PREZO:** de balde

#### MÁIS INFORMACIÓN:

**Centro Municipal de Información Xuvenil**

Fórum Metropolitano. R/ Río Monelos, 1 (15006 - A Coruña)

Tel.: 981 184 294

correo-e: [cmix@coruna.es](mailto:cmix@coruna.es)

WEB: [www.coruna.gal/cmix/plataforma14](http://www.coruna.gal/cmix/plataforma14)



### Ciclo de charlas "Torre da saudade"

Neste ano cúmprense 10 anos desde que a Torre de Hércules fose declarada como Patrimonio da Humanidade, ocasión para a que a Biblioteca de Estudos Locais realizou unha selección dos carteis anunciadores que usaron o emblema herculino nos seus deseños e que se achegou como anexo á candidatura no 2009.

Co gallo deste aniversario e en colaboración co Instituto Cornide de Estudos Coruñeses terá lugar na Biblioteca de Estudos Locais o ciclo de charlas "A Torre da Saudade: a Torre como testemuña das migracións humanas e da natureza"

**CANDO:** do 23/05/2019 ao 27/06/2019, os xoves

- 23 maio: "**A torre do adeus**", coa escritora Estíbaliz Espinosa e o escritor Xavier Alcalá
- 30 maio: "**Os que se van**", coa profesora de Hª de América Pilar Cagiao Vila e o historiador Xosé A. Fraga
- 6 xuño: "**Os que veñen**", con Laura Oso, profesora da Facultade de Socioloxía da UDC e Juan Redondo Abelenda, responsable de programas de refuxiados e migracións de Cruz Vermella
- 13 xuño: "**Os que nos visitan**", con Irene Souto Blázquez, da Autoridade Portuaria da Coruña, Lanzada Calatayud, Xerenta do Consorcio de Turismo, e Erica Ferreiro, informadora turística
- 20 xuño: "**Os que están de paso**", co escritor e ornitólogo Antonio Sandoval e o director do Aquarium Finisterrae Paco Franco
- 27 xuño: "**A torre da humanidade**", co historiador Xosé Alfeirán e a catedrática de Hª da Arte da USC Ana Goy

**HORARIO:** ás 19.00 h.

**PREZO:** gratuíto, ata completar capacidade

#### LUGAR / INFORMACIÓN:

**Biblioteca Municipal de Estudos Locais**

R/ Durán Loriga 10, 1º (15003 - A Coruña)

Tel.: 981 184 386

correo-e: [bestudiosl@coruna.es](mailto:bestudiosl@coruna.es)

[www.facebook.com/bibcoruna](http://www.facebook.com/bibcoruna)

Web: [www.torredeherculesacoruna.com](http://www.torredeherculesacoruna.com)



## ACTIVIDADES

### Feira de Formación Profesional Dual

A Cámara de Comercio da Coruña organiza na sede de Afundación unha feira sobre a Formación Profesional Dual na que, ademais de conferencias de responsables de empresas e centros educativos con FP Dual, haberá un espazo de asesoramento á mocidade que estea interesada neste tipo de formación.

**CANDO:** 29/05/2019

**HORARIO:** de 9.00 a 14.00 h

**LUGAR:** **Afundación** (Cantón Grande, 8)

- Soto 3: Relatorios
- Soto 1: Espazo de información e asesoramento a empresas e persoas interesadas na FP Dual

**PREZO:** entrada gratuíta, logo da inscrición previa por correo-e en [formacion@camaracoruna.com](mailto:formacion@camaracoruna.com) ou nos tel. 981 216 072 ou 981 918 135

#### MÁIS INFORMACIÓN:

**Cámara de Comercio**

Alameda, 30-32, 1º (15003 - A Coruña)

Tel.: 981 216 072

correo-e: [formacion@camaracoruna.com](mailto:formacion@camaracoruna.com)

Web: [www.camaracoruna.com](http://www.camaracoruna.com)

\*Arquivo: [programa e formulario de inscrición para a mocidade](#)



### (S8) X Mostra de Cinema Periférico

(S8) Mostra de Cinema Periférico celebra a súa 10ª edición, reunindo un ano máis a destacados nomes do cine experimental e de vangarda, unha semana de proxeccións, presentacións, film performances, debates, encontros coa crítica e outras tantas actividades que situarán A Coruña como o epicentro da vangarda cinematográfica e artística contemporánea.

Neste 10º aniversario o (S8) dedicaralle un apartado á conservación e restauración do cine experimental, con master classes de expertos, sesións de cine restaurado e unha mesa redonda sobre o tema. Cada edición, a Mostra intenta tamén traer algunha figura histórica do cine experimental, que nesta ocasión será Malcolm Le Grice, un dos fundadores da mítica London Film-makers' Co op.

Tamén visitará a Mostra Charlotte Pryce e as súas linternas máxicas, e farase unha homenaxe á distribuidora de cine experimental LUX London, cunha selección das súas obras máis significativas.

Completan a programación a sección "Vellos e novos amigos" que recolle traballos recentes de cineastas que pasaron pola Coruña (como Saul Levine, Naomi Uman, Jodie Mack, Stephen Broomer...) e de "novas amizades" que se incorporan este ano ao universo do festival.

A Mostra ofrecerá tamén unha homenaxe ao recentemente finado Jonas Mekas a través de "Invisible Acts", o colectivo mexicano LEC - Laboratorio Experimental de Cine traerá ao festival unha selección do traballo dos seus cineastas, e a oferta completárase cos talleres de Madi Piller e Jeannette Muñoz, unha exposición da fotógrafa Maria Meseguer que reúne a historia do festival en imaxes, e as seccións Sinais e Sinais en Curto.

**CANDO:** do 31/05/2019 ao 09/06/2019

#### LUGARES:

- **CGAI - Centro Galego de Artes da Imaxe**
- **Fundación Luis Seoane**
- **Afundación**
- **PALEXCO**

**PREZO:** entrada libre ata completar a capacidade

\*Para acceder ás proxeccións en PALEXCO e CGAI será necesario retirar as invitacións nos 30 minutos anteriores ao comezo de cada sesión.

#### MÁIS INFORMACIÓN:

**Mostra (S8)**

Correo-e: [info@s8cinema.com](mailto:info@s8cinema.com)

[www.facebook.com/s8cinema](https://www.facebook.com/s8cinema)

Web: [www.s8cinema.com](http://www.s8cinema.com)



## ACTIVIDADES

### Axenda de concertos na Coruña

Programación de concertos destas semanas nas salas de concertos e outros espazos da cidade

**Pazo da Ópera.** Glorieta América (15004 - A Coruña)

[www.palaciodelaopera.com](http://www.palaciodelaopera.com)

venres 31 maio ás 20.30 h.: **ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA**. Entrada: desde 11€ a 27,50€

sábado 8 xuño ás 21.00 h.: **DULCE PONTES**. Entrada: desde 20€

**Teatro Colón.** Avda. da Marina, 7 (15001 - A Coruña)

[www.facebook.com/TeatroColonACoruna/](https://www.facebook.com/TeatroColonACoruna/)

xoves 30 maio ás 21.30 h.: **UTE LEMPER**. Entradas: desde 20€

domingo 2 xuño ás 21.00 h.: **AMPARANOIA**. Entradas: 12€

xoves 6 xuño ás 20.30 h.: **COMANDO RADAR**. Entradas: 10€/15€

venres 7 xuño ás 20.30 h.: **LEILÍA**. Entradas: de 6€ a 12€

**Sala Mardi Gras.** Travesía da Torre, 8 (15002-A Coruña)

[www.facebook.com/salamardigras](https://www.facebook.com/salamardigras)

xoves 30 maio ás 21.30 h.: **HOGJAW**. Entradas: 12€/15€

venres 31 maio ás 22.00 h.: **OS PIÑEIRO BAND + VUELO 505**. Entradas: 6€

sábado 1 xuño ás 21.00 h.: **STACEI COLLINS** Entradas: 12€

**Bábá Bar.** R/ Pérez Cepeda, 23 (15004 - A Coruña)

[www.facebook.com/baba.bar.7](https://www.facebook.com/baba.bar.7)

mércores 29 maio ás 21.30 h.: **DAVID ABURTO**. Entrada por determinar

xoves 30 maio ás 22.00 h.: **APARATO**. Entrada: 5€

**Sala Garufa Club.** R/ Riazor, 5 (15004-A Coruña)

[www.facebook.com/SalaGarufaClub](https://www.facebook.com/SalaGarufaClub)

xoves 30 maio ás 23.00 h.: **LOS MECÁNICOS**. Entrada: 5€

venres 31 maio ás 22.00 h.: **THE LUCILLES**. Entradas: 12€

sábado 1 xuño ás 22.30 h.: **CAPTAINS + DJS MAQUINITA DE VIVIR & UNICORNIO** (festa X Aniversario S8). Entrada: gratis

domingo 2 xuño ás 17.00 h.: **OS SUPERHEROES**. Entrada: 4€ (nenos) / 8€ (adultos)

**Jazz Filloa.** R/ Cega, s/n (15003 – A Coruña)

[www.facebook.com/Filloa-Jazz-Club](https://www.facebook.com/Filloa-Jazz-Club)

xoves 30 maio, pases ás 22.00 e 23.00 h:

**EJAZZ**. Entrada: 7€

venres 31 maio, pases ás 22.00 e 23.00 h:

**BRUO DUO**. Entrada: 7€

**Sala INN-Club.** Avda. do Porto, 3 (15003 - A Coruña)

[www.facebook.com/salainnclub](https://www.facebook.com/salainnclub)

venres 31 maio ás 23.30 h: **BURNING**.

Entrada: 25€/30€

**Playa Club.** Plataforma de Riazor s/n (15011 - A Coruña)

<http://playaclub.club/programacion>

sábado 1 xuño ás 22.30 h: **MAIKA**

**MAKOVSKI**. Entrada: 15€/18€

**Sala Filomatic.** R/ San José (15002 – A Coruña)

[www.facebook.com/salafilomatic](https://www.facebook.com/salafilomatic)

sábado 1 xuño ás 21:30 h: **ACIDPROYECT+ARSONTIDES+HATEOUT**. Entrada: 4€/6€



## Axudas para o alumnado que realiza a FCT e FP Dual

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional convoca axudas económicas para o alumnado coa finalidade de compensar parcialmente os gastos extraordinarios derivados da realización das actividades que se desenvolven na empresa, correspondentes ao módulo de FCT ou á FP dual

- **Modalidade A.** Alumnado matriculado en ciclos formativos de grao profesional básico, grao medio e grao superior de formación profesional inicial, Artes Plásticas e Deseño, Ensinanzas Deportivas e programas formativos que realice a FCT ou a FP dual dentro do territorio español
- **Modalidade B.** Alumnado matriculado en ciclos formativos de grao profesional básico, grao medio ou grao superior de formación profesional inicial, de Artes Plásticas e deseño, Ensinanzas Deportivas que realice a FCT ou a FP dual fóra do territorio español

**INSCRIPCIÓNS:** 2 prazos segundo período de realización das prácticas:

- **1º prazo: ata o 21 de xuño de 2019**, para o alumnado que realice a FCT nos períodos outubro 2018-marzo 2019, xaneiro-xuño, xaneiro-marzo e abril-xuño de 2019.  
Acolleráse a este 1º prazo o alumnado de FP dual.  
Ao alumnado ao cal lle corresponda realizar a FCT no período de setembro-décembro de 2019 e que anticipase o período de FCT non se acollerá a este 1º prazo
- **2º prazo: do 14 de outubro ao 14 de novembro** de 2019, para o alumnado de ciclos formativos que lle corresponda realizar a FCT no período de setembro-décembro de 2019. Este alumnado deberá rematar obrigatoriamente o período de FCT antes do 31 de decembro de 2019.

**LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:** no centro educativo onde o alumnado estea matriculado no momento de realizar a formación en centros de traballo ou a FP dual.

### REQUISITOS:

- Alumnado matriculado en centros públicos de Galicia e, no caso dos centros privados, o alumnado matriculado en ensinanzas concertadas coa Consellería de Educación, Universidade e FP, que estea cursando o derradeiro curso dun ciclo formativo de grao profesional básico, grao medio ou grao superior de formación profesional inicial, Artes Plásticas e Deseño, Ensinanzas Deportivas e programas formativos ou algún ciclo formativo de FP dual.
- Rematar o período de FCT ou FP Dual antes do 31 de decembro de 2019

### DOTACIÓN:

a) Alumnado que realice a FCT ou a FP dual dentro do territorio español.

- En Galicia: ata un máximo de 300 € cando se cumpran as seguintes condicións:
  - O concello do centro de traballo non sexa o mesmo que o concello do centro educativo
  - O concello do centro de traballo non sexa o mesmo que o concello de residencia do/a alumno/a durante o período de realización da FCT ou da FP dual.
- Fóra de Galicia: percibirán unha cantidade fixa de 200€

b) Alumnado que realice a FCT ou a FP dual fóra do territorio español.

- Na Unión Europea:
  - Bulgaria, Eslovaquia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Polonia, Malta, Romanía: 120 € (contía base) 72 € (contía por semana)
  - Alemaña, Bélxica, Chipre, Croacia, Eslovenia, Grecia, Holanda, Luxemburgo, Portugal, República Checa: 180 € (base) 120 € (por semana)
  - Austria, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Italia, Reino Unido, Suecia 240 € (contía base) 150 € (contía por semana)
- Non integrados na Unión Europea:
  - Europeos 180 € (contía base) 120 € (contía por semana)
  - Doutrous continentes 240 € (base) 150 € (contía por semana)

### MÁIS INFORMACIÓN:

**Consellería de Educación, Universidade e FP**

Edif. Adm. San Caetano, bloque 2  
15781 - Santiago de Compostela  
Tel.: 981 540 213 / 981 546 540

[www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)

[Sede electrónica: procedemento ED202A](#)

**PUBLICACIÓN:** [DOG 21/05/2019](#)



**CURSOS****Cursos de iniciación ao golf: xullo-agosto 2019**

O Servizo Municipal de Deportes do Concello da Coruña convoca para verán novos cursos de iniciación ao golf que terán lugar no Campo Municipal de Golf Torre de Hércules

**CANDO:**

Xullo	Agosto
luns e xoves do 1/07/2019 ao 5/08/2019	luns e xoves do 8/08/2019 ao 12/09/2019
martes e venres do 2/07/2019 ao 2/08/2019	martes e venres do 6/08/2019 ao 6/09/2019
sábados e domingos do 6/07/2019 ao 4/08/2019	sábados e domingos do 10/08/2019 ao 8/09/2019

**HORARIO:** 2 horas á semana, en horario de mañá ou tarde (*consultar horarios*)

**REQUISITOS:**

- Idades:
  - infantil: de 6 a 16 anos
  - adultos: de 17 anos en diante (idade cumprida antes ou durante o desenvolvemento do curso)
- Cada persoa poderá solicitar un máximo de 2 cursos, pero só se poderá matricular nun único curso.

**INSCRICIÓNS:** do 27 de maio ao **10 de xuño ata ás 14:00 h.** en [www.coruna.es/deportes](http://www.coruna.es/deportes) ou nas oficinas do Campo Municipal de Golf Torre de Hércules

**CALENDARIO:**

- Listaxes provisionais de solicitantes: a partir do 11 de xuño en [www.coruna.es/deportes](http://www.coruna.es/deportes) e no Campo Municipal de Golf
- Prazo de alegacións: 13, 14 e 15 de xuño, no Campo Municipal de Golf Torre de Hércules.
- Sorteio: 17 de xuño
- Listaxes definitivas: a partir do 17 de xuño
- Matrícula: do 18 ao 24 de xuño no Campo Municipal de Golf

**PREZO:**

- Curso trimestral infantil: 28,94 €
- Curso trimestral adultos: 48,22 €

**LUGAR / INFORMACIÓN:**

**Campo Municipal de Golf Torre de Hércules**

Tel.: 981 209 680

Teléfono de información do Concello: 010

[www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes)

**Curso de monitor/a de tempo libre**

A Escola Galega de Tempo Libre organiza para este verán un curso de monitores/as de tempo libre de luns a venres en horario de mañá. O programa abarcará as seguintes áreas temáticas:

1. Área de psicosocioloxía
2. Área de lexislación
3. Área de animación
4. Área de saúde
5. Área de aire libre
6. Área de educación ambiental

**CANDO:** do 15/07/2019 ao 30/08/2019

**HORARIO:** de luns a venres de 9 a 15 h (*sábado 3 de agosto: de 10 a 20 h. (saída de sendeirismo)*)

**PREZO:** 280 €

**REQUISITOS:**

- Ter 18 anos cumpridos
- Título de graduado en ESO

**LUGAR / INFORMACIÓN:**

**Escola Galega de Tempo Libre**

R/ Alberto Datas Panero, 3 baixo (15007 - A Coruña)

Tel.: 645 206 174

correo-: [escolagalegat@gmail.com](mailto:escolagalegat@gmail.com)

Web: [www.escolagalegadetempolibre.es](http://www.escolagalegadetempolibre.es)



## Acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao superior. Curso 2019-2020

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional dita instrucións para o acceso e admisión ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao superior para o curso 2018-2019

**PRAZO DE INSCRIPCIÓN:** *do 24 de maio ao 25 de xuño de 2019*, na secretaría da escola pública en que se impartan as correspondentes ensinanzas ás que se queira acceder como 1ª ou única opción.

- 26 de xuño: publicación relación provisional de persoas inscritas, nos taboleiros e webs das escolas.
- 27 e 28 de xuño: reclamacións
- 2 de xullo: publicación relación definitiva das persoas inscritas nas probas en [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)

**DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN DAS PROBAS:** as probas realizaranse na [Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo](#), en Santiago de Compostela.

\* Proba de **madureza: 3 de xullo**

1ª parte: 10.00-13.00 h. - 2ª parte: 17.00-18.00 h.

\* Proba **específica: 10 de xullo**

1º exercicio: 10.00-11.00 h. - 2º exercicio: 12.00-14.00 h. - 3º exercicio: 17.00-19.00 h.

**MODALIDADES DE ACCESO a Ciclos Superiores de Artes Plásticas e Deseño:**

ACCESO DIRECTO:

- Título de bacharel, modalidade de artes.
- Título superior de artes plásticas ou título superior de deseño
- Título superior de conservación e restauración de bens culturais.
- Licenciatura ou grao en Belas Artes, Arquitectura, enxeñería técnica en Deseño Industrial ou grao en calquera especialidade de Deseño Industrial.
- Quen acredite ter experiencia laboral de, polo menos, 1 ano, relacionada directamente coas competencias profesionais do ciclo ao que se queira acceder.

ACCESO MEDIANTE PROBA ESPECÍFICA: as persoas que posúan o título de Bacharelato, ou título declarado equivalente, deberán superar unha proba específica.

**\*PROBA ESPECÍFICA:** consta de 3 exercicios:

1º exercicio: proba escrita sobre temas relacionados coas artes plásticas. .

2º exercicio: realización (de bosquexos e debuxos sobre un tema proposto polo tribunal)

3º exercicio: execución (cos bosquexos realizados no exercicio anterior, dun traballo relacionado co ciclo ao que a persoa aspirante pretende acceder)

ACCESO por PROBA DE MADUREZA + PROBA ESPECÍFICA: as persoas que non dispoñan do título de bacharel e teñan cumpridos 19 anos dentro do ano de realización da proba (ou 18 anos se están en posesión do título de técnico en artes plásticas e deseño da mesma familia profesional artística) Terán que superar a proba de madureza ademais da correspondente proba específica.

**\*PROBA DE MADUREZA:** consta de 2 partes:

1ª parte: Lingua galega e literatura - Lingua castelá e literatura - Lingua estranxeira (inglés ou francés)

- Historia de España - Filosofía (*seleccionar 3 destas materias*).

2ª parte: Historia da arte.

*A proba de madureza poderase substituír pola parte común da proba de acceso aos CS de FP; pola proba de madureza a CS de ensinanzas deportivas; proba de acceso á universidade +25; proba de acceso substitutiva do requisito de titulación para as ensinanzas artísticas superiores.*

**MÁIS INFORMACIÓN:**

- Nas **Escolas de Arte e Superiores de Deseño**

- Na Coruña: **EASD Pablo Picasso**

R/ Os Pelamios, 2 (15001 - A Coruña)

Tel: 981 225 396

[escola.arte.pablo.picasso@edu.xunta.es](mailto:escola.arte.pablo.picasso@edu.xunta.es)

[www.eapicasso.com](http://www.eapicasso.com)

Web: [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)

**PUBLICACIÓN:** [DOG do 23 de maio de 2019](#)



## Admisión aos ciclos formativos de grao medio das familias profesionais de artes plásticas e deseño. curso 2019-2020

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional dita instrucións para o acceso e admisión ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao medio para o curso 2019-2020

**PRAZO DE INSCRICIÓN:** do 24 de maio ao 6 de setembro de 2019, entregarase unha única solicitude na secretaría da escola á cal se queira acceder como 1ª ou única opción.

### DATAS DE REALIZACIÓN DAS PROBAS:

\* Proba de madurez: **10 de setembro**

- 1ª parte: 10.00-13.00 h. - 2ª parte: 16.30-19.30 h.

\* Proba específica: **17 de setembro**

1º exercicio: 10.00-11.00 h. - 2º exercicio: 12.00-14.00 h. - 3º exercicio: 17.00-19.00 h.

**LUGAR DE REALIZACIÓN:** na EASD na que se realizara a inscrición.

### MODALIDADES DE ACCESO a Ciclos Medios de Artes Plásticas e Deseño:

#### ACCESO DIRECTO:

- Ter título de técnico ou técnico superior de artes plásticas e deseño dunha familia profesional relacionada co ciclo formativo a que se pretende acceder.
- Ter superados os cursos comúns de artes aplicadas e oficios artísticos dos planos de estudos de 1.963 ou dos planos experimentais de 1984 e 1986.
- Quen estea exento da proba específica de acceso ao grao superior de artes plásticas e deseño.
- Quen acredite ter experiencia laboral de, polo menos, 1 ano, relacionada directamente coas competencias profesionais do ciclo a que se queira acceder.

**ACCESO MEDIANTE PROBA ESPECÍFICA:** para as persoas que posúan o título da ESO ou equivalente

**\*PROBA ESPECÍFICA** consta de 3 exercicios:

1º exercicio: proba escrita. Desenvolvemento, nun tempo máximo 1 h, dun tema proposto nun texto sobre artes plásticas e coñecementos histórico-artísticos.

2º exercicio: realización. Realización, nun tempo máximo de 2 h, de debuxos e bosquexos sobre un tema proposto para a súa aplicación posterior.

3º exercicio: execución. Execución durante un tempo máximo de 2 h, cos bosquexos e debuxos realizados no exercicio 2º

**ACCESO MEDIANTE PROBA DE MADUREZA + PROBA ESPECÍFICA:** as persoas que non dispoñan do título de graduado en ESO e teñan feitos os 17 anos, deberán superar a proba de madurez ademais da correspondente proba específica.

**\*PROBA DE MADUREZA** consta de 2 partes:

1ª parte: lingua galega - lingua castelá - contidos socioculturais - contidos científico-tecnolóxico (seleccionar 3 destas materias).

2ª parte: educación plástica e visual (realización dun exercicio de composición libre)

*A proba de madurez poderase substituír pola proba de acceso á universidade + 25 anos, a proba de acceso a ciclos formativos de grao medio ou de grao superior de FP, a proba de madurez de acceso a grao medio ou grao superior de ensinanzas deportivas ou pola proba de acceso substitutiva do requisito de titulación para as ensinanzas artísticas superiores.*

### MÁIS INFORMACIÓN:

- Nas **Escolas de Arte e Superiores de Deseño** que oferten ciclos medios

**Web:** [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)

**PUBLICACIÓN:** [DOG do 23 de maio de 2019](#)





## OFERTA CICLOS FORMATIVOS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO EN GALICIA 2019-2020

	ESCOLAS DE ARTE E SUPERIORES DE DESEÑO	CICLO FORMATIVO	GRAO
A CORUÑA	<b>EASD PABLO PICASSO</b> R/ Os Pelamios, s/n. 15001- A CORUÑA tfno. 981 225 396 <a href="mailto:escola.arte.pablo.picasso.@edu.xunta.es">escola.arte.pablo.picasso.@edu.xunta.es</a> <a href="http://www.eapicasso.com">www.eapicasso.com</a>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Dourado, prateado e policromía</li> <li>▪ Escultura aplicada ao espectáculo</li> <li>▪ Fotografía</li> <li>▪ Ilustración</li> <li>❖ Oferta Modular do CS de Cerámica artística: Taller de Cerámico I e II</li> <li>❖ Oferta Modular do CS de Técnicas escultóricas: Taller de Madera</li> </ul>	S S S S S S
	<b>EASD MESTRE MATEO</b> R/ Virxe da Cerca, 32. 15703- SANTIAGO DE C. tfno. 981 587 757 <a href="mailto:escola.arte.mestre.mateo@edu.xunta.es">escola.arte.mestre.mateo@edu.xunta.es</a> <a href="http://www.easd.es">www.easd.es</a>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Arquitectura efémera</li> <li>▪ Fotografía</li> <li>▪ Técnicas escultóricas</li> <li>▪ Xoiaría artística</li> <li>❖ Oferta Modular do CM de Procedementos de xoiaría artística: Taller de xoiaría I e II</li> <li>❖ Oferta Modular do CS de Dourado, prateado e policromía: Taller de Dourado e prateado</li> </ul>	S S S S M S
LUGO	<b>EASD RAMÓN FALCON</b> Paseo dos estudantes, s/n. 27002- LUGO tfno. 982 220 790 <a href="mailto:escola.arte.ramon.falcon@edu.xunta.es">escola.arte.ramon.falcon@edu.xunta.es</a> <a href="http://www.escoladeartelugo.com">www.escoladeartelugo.com</a>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Serigrafía artística</li> <li>▪ Cerámica artística</li> <li>▪ Fotografía</li> <li>▪ Gravado e técnicas de estampación</li> </ul>	M S S S
OURENSE	<b>EASD ANTONIO FAILDE</b> Avda. da Universidade, 18. 32005- OURENSE Tlf: 988 238 365 <a href="mailto:escola.arte.antonio.failde@edu.xunta.es">escola.arte.antonio.failde@edu.xunta.es</a> <a href="http://www.escolarte.com">www.escolarte.com</a>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ebanistaría artística</li> <li>▪ Fotografía</li> <li>▪ Ilustración</li> </ul>	S S S
PONTEVEDRA	<b>CE.ART AULA D (centro privado)</b> R/ Elduayen, 36, 1. 36202- VIGO tfno. 986 213 627 <a href="http://www.aulad.com">www.aulad.com</a> <a href="mailto:info@aulad.com">info@aulad.com</a>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Gráfica publicitaria</li> <li>▪ Proxectos e dirección de obras de decoración</li> </ul>	S S
	<b>CE.ART ATLÁNTICO (centro privado)</b> Avda. da Ponte, 9. 36215- VIGO tfno. 986 266 058 <a href="mailto:info@escuelatlantico.com">info@escuelatlantico.com</a> <a href="http://www.escuelatlantico.com">www.escuelatlantico.com</a>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Procedementos de xoiaría artística</li> <li>▪ Xoiaría artística</li> </ul>	M S
	<b>CE.ART TEX-MODA (centro privado)</b> Polígono Tecnolóxico e Loxístico. Valadares, Área Texvigo R/C, Ed. Dotacional, Baixo. 36314- VIGO tfno. 986 223 620 / 655 638 866 <a href="mailto:ceart.texmoda@edu.xunta.gal">ceart.texmoda@edu.xunta.gal</a>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Estilismo de indumentaria</li> </ul>	S
	<b>CE.ART MARCOTE (centro privado)</b> Esap Vigo Avda. da Ponte, 80. 36215- VIGO tfno. 986 266 013 <a href="mailto:info@espavigo.com">info@espavigo.com</a> <a href="http://espavigo.com">espavigo.com</a>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Fotografía</li> <li>▪ Gráfica publicitaria</li> </ul>	S S

## Estadías e servizos nas residencias de tempo libre 2019

A Consellería de Política Social convoca o procedemento de adxudicación de estadías e servizos nas residencias de tempo libre adscritas a esta consellería para o ano 2019: residencias de tempo libre de Panxón, Nigrán (Pontevedra) e O Carballiño (Ourense).

**CANDO:** do 1 de xullo ao 10 de setembro de 2019, en quendas de 8 ou 10 días (a adxudicación de prazas será por sorteo de datas)

**INSCRICIÓN:** ata o 7 de xuño de 2019

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado, [procedemento BS419A](#), dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. Opcionalmente, tamén se poderán presentar en soporte papel nos rexistros correspondentes

### REQUISITOS:

- Poderán ser destinatarias todas as persoas maiores de idade ou menores, sempre que vaian en compañía dos seus proxenitores ou das súas proxenitoras ou titores ou titoras legais, e que teñan a súa residencia en territorio español. Igualmente, poderán acollerse os galegos e as galegas residentes no exterior que cumpran os requisitos
- Non se admitirán as solicitudes que inclúan persoas que gozasen dalgunha quenda na mesma residencia nalgún dos dous anos anteriores.
- Cada unidade familiar poderá solicitar estadías para calquera das dúas residencias de tempo libre e para unha ou varias quendas.

### SERVIZOS OFERTADOS:

- a) Servizos de residencia: aloxamento e manutención en réxime de pensión completa.
- b) Servizos para non residentes: servizo de comedor para familiares e amizades das persoas residentes

### PREZO:

Os prezos, tanto para os servizos de residencia como para as persoas non residentes, serán os previstos no Decreto 84/2012, do 16 de febreiro, polo que se establecen os prezos públicos polas prestacións das residencias de tempo libre (Publicación: [DOG 02/03/2012](#))

### MÁIS INFORMACIÓN:

#### - Consellería de Política Social

D.X. Familia, Infancia e Dinamización Demográfica  
Edif. Adm. San Caetano, s/n (15781 - Santiago)  
Tel.: 981 544 655

Correo-e: [dxfamilia.politicasocial@xunta.gal](mailto:dxfamilia.politicasocial@xunta.gal)

#### - Residencia de Tempo Libre do Carballiño

Avda. do Parque. 32500 O Carballiño  
Tel.: 988 270 200

#### - Residencia de Tempo Libre de Panxón

R/ Cansadoura, 2 (Patos). 36350 Nigrán  
Tel.: 986 365 125

**Web:** <https://politicasocial.xunta.gal/gl/temas/familia-e-infancia/residencias-de-tempo-libre>

**PUBLICACIÓN:** [DOG 24/05/2019](#)

